ABRIL 2026



ILUSTRACIÓN **PINTO & CHINTO**

MARZO						
L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

MAIO						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO

1

Expulsados da súa terra
En 1767 executouse a orde de Carlos III de expulsión de todos os xesuítas e de confiscación das súas propiedades no Imperio español.

2

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

3



Nacen os concellos democráticos
As primeiras elecciónes municipais tras a aprobación da Constitución celebráronse en 1979.

4

A xénese de Windows
Bill Gates, de 19 anos, e Paul Allen, de 22, fundan a empresa Microsoft, creadora dos sistemas operativos MS-DOS e Windows.

5



O teléfono vermello
En 1963 estableceuse un teléfono de comunicación directa entre os despachos dos presidentes en Washington e Moscova.

6

A fraternidade do deporte
Os primeiros Xogos Olímpicos da era moderna comezaron a celebrarse en Atenas en 1896.

7

Fin do protectorado
Franco recoñece a independencia de Marrocos cinco días despois de que Francia lla concedese ao seu protectorado, en 1956.

8

Sociólogo, botánico...
Don Ramón de la Sagra, escritor e científico galego de notable influencia no século XIX, naceu en 1798 na Coruña.

9

Sorpresa na Transición
Un Sábado Santo, co país enteiro de vacacións, Adolfo Suárez legalizou o Partido Comunista de España en 1977.

10

Patriarca das letras galegas
O polígrafo galego Ramón Otero Pedrayo, membro da xeración Nós, faleceu en Ourense en 1976.

11

DÍA MUNDIAL DO PÁRKINSON

12

Primeiro Óscar español
José Luis Garci gañou en 1983 para España o Óscar á mellor película de lingua non inglesa con *Volver a empezar*.

13

París e as misas
Enrique IV asinou en 1598 o Edicto de Nantes, que permitiu a liberdade de culto en Francia e rematou coas guerras de relixión.

14

Aniversario
O suplemento La Voz de la Escuela está hoxe de aniversario: publicouse por primeira vez hai 44 anos, en 1982.

15

A era dos caixeiros automáticos
O Franklin Bank de Nova York lanzou en 1952 o primeiro cartón de crédito.

16

DÍA MUNDIAL CONTRA A ESCRAVITUDE INFANTIL

17

Gabriel García Márquez
O escritor e xornalista colombiano, premio nobel de literatura en 1982 e creador de *Cen anos de soidade*, faleceu en México D.F. no 2014.

18

Cara á Unión Europea
O Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA) asinouse o 18 de abril de 1951.

19

Aires de liberdade
Os primeiros concellos democráticos tras a transición da ditadura de Franco quedaron constituídos en España en 1979.

20

Apagouse o riso
Hai 33 anos morreu o cómico mexicano Mario Moreno, Cantinflas. Os seus xogos de palabras eran difíceis de traducir a outras linguas.

21

Chegan os «jets»
O primeiro reactor que levou pasaxeiros foi un De Havilland Comet da BOAC que voou de Londres a Roma en 1952.

22

Día da Terra
Celébrase desde 1970 co fin de reafirmar a conciencia sobre a necesidade de preservar o medio ambiente.

23

Día do Libro
Conmemora as mortes dos escritores Miguel de Cervantes e Shakespeare en 1616. É tamén o Día dos Dereitos de Autor.

24

Xornalista e escritor
Falece en Londres Daniel Defoe, autor de *Robinson Crusoe* (1719), que está baseada en parte da vida do mariño Alexander Selkirk

25

Doñana en perigo
A rotura da presa de Aznalcóllar causou en 1998 un desastre ecolóxico no parque nacional de Doñana

26

Catástrofe nuclear
Como consecuencia da explosión dun reactor nuclear na central rusa de Chernóbil evacuouse en 1986 a cidade de Pripyat.

27

A Menéndez Pelayo (UIMP)
Un decreto da Segunda República creou en 1932 a Universidade Internacional de verán de Santander.

28

DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

29

Protección temporal
Un acordo asinado en Madrid en 1991 prohibiu a explotación mineira da Antártida durante cincuenta anos.

30

Explorador de culturas
Miguel de la Quadra-Salcedo, promotor e director do proxecto Ruta Quetzal, naceu en Madrid en 1932.